| **Nome e apelidos** | [redacted] |
| --- | --- |

## 📌Introducción, obxectivos e plan da sesión

Comparte unha captura de pantalla na que se vexa como fixeches a introducción das actividades aos teus rapaces

- Os obxectivos están escritos de forma clara e accesible.
- En cada sección explícase que vai facer o alumnado, por que é importante e como vai facelo.
- Hai unha vista xeral da temporalización (calendario, datas clave, cronograma…).
- O plan da sesión aparece no inicio de cada sección/tema.




## Instrucións claras e accesibles

Sube algunha captura de pantalla onde se vexa como compartes as instruccións

- Todas as tarefas inclúen instrucións explícitas e secuenciadas (non só “ver PDF”).
- As instrucións están tamén por escrito, incluso se se explicaron oralmente.
- Evítanse nomes ambiguos como “Actividade 1” ou “Fai isto” (usar títulos descritivos).
- Os recursos están ben identificados: tipo de ficheiro, como se abre, para que serve.
- As tarefas teñen datas visibles no calendario e dentro da descrición.




## Accesibilidade técnica e organizativa

Sube algunha captura de imaxe onde se poida ver este apartado. Por exemplo, pode ser unha captura de pantalla de toda a aula virtual ou soamente un trozo da mesma.

- Os nomes de cursos, seccións e actividades seguen unha estrutura coherente e compartida polo centro ou departamento.
- Só se mostra o que está en uso (as seccións futuras están ocultas ata que toquen).
- A información está estruturada e organizada visualmente (listas, negritas, espazos, iconas...).
- O formato do curso (semanal ou por temas) está pensado para facilitar a organización do alumnado.

## DESCUBRIMOS AS CANTAREIRAS. 16/05

**DATA LÍMITE: venres, 16 maio**

**Duración aproximada: 40 minutos**

Ola! Esta semana celebraremos o **Día das Letras Galegas** e imos coñecer mellor a tradición das **cantareiras**. Faremos tres cousas moi especiais.

Cal e o **obxectivo** de esta actividade?

-Coñecer e valorar o papel das cantareiras na cultura galega, recoñecendo a súa contribución á transmisión oral da música tradicional,

-Reflexionar sobre a importancia da memoria colectiva e do patrimonio inmaterial.

Lé as instruccións con calma:

URL
Preme aquí para ver o vídeo

Marcar como feito

### 1. MIRA O VIDEO

- É un vídeo breve no que se explica quen eran as cantareiras e por que son importantes para a nosa cultura.
- Podes velo as veces que queiras. Usa auriculares se estás na clase ou na casa con máis xente.

PREME AQUÍ PARA VER O VÍDEO

QUESTIONNAIRE
LIGAZÓN AO CUESTIONARIO

Marcar como feito

### 2. RESPONDE AO CUESTIONARIO

Cando remates de ver o vídeo, responde a este pequeno cuestionario para comprobar o que aprendiches.

! Non te preocupes se non acertas todo a primeira. É so para reflexionar!

URL
LIGAZÓN A CANCIÓN
Agochar para os alumnos

Marcar como feito

### 3. A forza das voces que non calaron. TAREFA

As cantareiras foron moito máis que mulleres que cantaban: foron gardadoras da nosa memoria, das historias da terra, dos sentimentos compartidos. Hoxe, moitas artistas novas —como Fillas de Cassandra— recollen esa forza e transfórmana en mensaxes actuais, combativas e emocionantes.

Nesta actividade vas mergullarte nas súas voces para **escoitar, sentir e crear**. Porque tamén ti podes facer que as túas palabras canten.




## Conexión co interese do alumnado e actividades multinivel

Sube algunha captura de imaxe onde se poida ver este apartado.

- Hai actividades que permiten elección ou personalización (tema, formato, ritmo…).
- Os contidos están contextualizados: conectan con situacións reais, vídeos, casos próximos ao alumnado.
- Inclúese algunha entrada motivacional (curiosidade, humor, desafío…).
- Algunha actividade ofrece diferentes niveis de profundidade (ex. básico–intermedio–reto).
- Permítese variar o produto final: texto, vídeo, debuxo, presentación, audio…
- Hai apoios dispoñibles (ex. esquemas, exemplos, pictos, resumo de instrucións).




## Feedback e verificación da comprensión

Sube algunha captura de imaxe onde se poida ver este apartado.

- As tarefas permiten recibir feedback cualitativo.
- O alumnado recibe devolución concreta: que fixo ben, que pode mellorar e como.
- Hai actividades de verificación da comprensión (ex. cuestionarios autocorrixibles, reflexións, mapas mentais...).
- Hai instrucións claras sobre que facer se non entenden ou non saben como empezar.



🧩 Se tes dúbidas, podes deixarme un comentario no FORO ou preguntarme na clase

🧠 Lembra que non hai respostas boas nin malas. Queremos saber como o vives ti!

# 5. Reflexión final (non obligatoria)

5.1. Que aprendiches facento este exercicio?
Aprendín a planificar tarefas estean estruturadas de maneira accesible e coherente. Tamén descubrin a importancia de ofrecer opcións ao alumnado para que participe segundo os seus intereses ou capacidades, sen que iso supoña renunciar á esixencia ou á creatividade.

5.2. Que che resultou máis difícil?
O máis difícil foi saír dos formatos tradicionais de actividade e pensar en propostas que realmente incorporen os principios da inclusión (claridade, estrutura visual, opcións, vínculo emocional...). Ás veces dás por feito que "é comprensible" porque ti o entendes, pero non é así para todo o alumnado.

5.3. Que farías diferente se tiveras que comezar de novo?
Revisaría con máis coidado os textos e instrucións desde unha perspectiva de lectura fácil e accesibilidade cognitiva. Tamén tentaría validar as tarefas con algún grupo de alumnado ou compañeiras antes de implementalas.

5.4. Tendo en conta os obxectivos do curso, cal cres que é no que máis progresaches? E o que menos? Por que?
O que máis mellorei foi no deseño de recursos e contidos dixitais accesibles. Agora son capaz de organizar mellor as actividades e adaptalas a diferentes niveles e necesidades, conseguindo unha ensinanza máis activa e inclusiva.
O que levo peor é o uso de protocolos de protección de datos e dereitos dixitais. Aínda que entendo a importancia destes, necesito máis práctica para usar as ferrramentas.

## obxectivos

1. Buscar e seleccionar recursos e contidos dixitais para a atención á diversidade do alumnado atendendo a criterios didácticos e pedagóxicos.
2. Deseñar situacións de aprendizaxe accesibles e inclusivas que impliquen o uso das tecnoloxías dixitais para implicar ao alumnado e potenciar a motivación deste no seu proceso de aprendizaxe.
3. Obxectivo parte na rede. Analizar e experimentar tecnoloxías dixitais para a comunicación e monitorización da participación do alumnado no proceso de aprendizaxe atendendo á protección de datos.

## contidos

- Selección, busca e organización de recursos e contidos dixitais accesibles e inclusivos.
- Tecnoloxías dixitais para a comunicación, interacción e monitorización do alumnado así como para a identificación das barreiras para a aprendizaxe.
- Protocolos de protección de datos e dereitos e garantías dixitais para o emprego das tecnoloxías dixitais na comunicación, interacción e monitorización.
- Boas prácticas. Deseño de tarefas e o emprego de ferramentas dixitais seguindo os principios de accesibilidade.